

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS CONCELLOS GALEGOS E DO PARLAMENTO DE GALICIA CO GALLO DA CONMEMORACIÓN DO XXV ANIVERSARIO DA CÁMARA GALEGA

No aniversario da constitución do Parlamento de Galicia, cando se cumpren 25 anos do comezo da súa andaina como sede máxima da democracia na nosa Comunidade, os concellos de Galicia e mais o Parlamento de Galicia queren subscribir unha declaración institucional para manifestaren que comparten un ideario común baseado no principio de colaboración, cooperación e lealdade institucional.

Tanto o Parlamento de Galicia coma todos os concellos galegos forman parte da estrutura territorial do Estado, como institucións políticas constituídas a través da decisión democrática dos cidadáns.

A conmemoración do 25 aniversario do Parlamento de Galicia é unha efeméride digna de celebración e unha boa oportunidade para recordar e subliñar tamén o extraordinario papel desenvolvido por estas institucións no proceso de consolidación das liberdades, da convivencia pacífica e na profunda transformación social e económica que ten vivido Galicia neste cuarto de século.

Nesa identidade compartida, nesa condición de casa común dos cidadáns, o Parlamento de Galicia e os concellos recoñecen o papel desenvolvido nestes 25 anos polas institucións democráticas, a prol do progreso do país, superando desequilibrios estruturais e promovendo a articulación social e territorial de Galicia e mais aumentando o benestar dos galegos e das galegas.

Neste aniversario, os concellos galegos e o Parlamento de Galicia queren renderlles unha sincera homenaxe aos homes e ás mulleres que fixeron posible o nacemento non só da institución autonómica, senón aos que loitaron, primeiro, e dialogaron despois, para cimentar a democracia desde todos e cada un dos concellos de Galicia.

Esta declaración institucional quere recoñecer moi especialmente a todas as persoas que, ao longo deste cuarto de século, puxeron o seu traballo, as súas capacidades e as súas calidades humanas ao servizo da consolidación dos valores democráticos e do diálogo como valor fundamental da forma de facer política.

Co esforzo de todos, Galicia non só medrou en termos materiais, senón no seu autogoberno, na súa administración e na súa vertebración territorial.

A enorme capacidade transformadora que a democracia lle deu á nosa Comunidade permitiunos ter un país mellor, na orde representativa e institucional, na economía e no emprego, na modernización de equipamentos e infraestruturas e mais na universalización dos sistemas educativo, sanitario e asistencial, consolidando o estado do benestar e dotando a todos os cidadáns dunha mellor calidade de vida.

Agora as institucións públicas deben afrontar o reto de lle dar un novo impulso ao desenvolvemento do noso país; unha nova etapa de modernización, cimentada no valor supremo do diálogo como ferramenta de traballo político e de convivencia entre todos os cidadáns.

A nova organización da democracia, os novos horizontes do Estado do benestar, os novos dereitos dos cidadáns, obrigan as institucións públicas a afrontaren esta nova dimensión para lles dar resposta máis eficiente, ampla e profunda aos problemas e inquietudes dunha sociedade máis preparada, máis emprendedora e máis activa.

Nese traballo, nese reto formidable, as lexitimas discrepancias políticas non poden dirimirse doutro xeito que no marco do diálogo como motor de progreso. E ese diálogo ten no noso Parlamento e nos nosos concellos o mellor escenario para se producir.

O Parlamento de Galicia e todos os concellos galegos que teñen desenvolvido un papel fundamental na modernización da sociedade e coadxuvado á defensa das liberdades subscriben esta declaración para manifestar a súa vontade de continuaren a traballar a prol da transformación política, social, cultura e económica de Galicia e, polo tanto,

COMPROMÉTENSE

a) A impulsar, desde as nosas respectivas institucións, a modernización de Galicia para que o país conte con mellores ferramentas de competitividade no marco europeo.

b) A promover a leal colaboración institucional, arredor dun proxecto compartido de progreso e solidariedade, que permita establecer vías de cooperación entre as administracións, para seguir avanzando na mellora da calidade de vida e o benestar dos cidadáns e ampliando o corolario de dereitos de carácter social.

c) A favorecer a xestión eficaz dos recursos públicos, aplicando criterios de participación, transparencia e consenso na toma de decisións.

d) A abrir as portas das respectivas institucións aos cidadáns, fomentando a cultura democrática de proximidade, para que estas sexan máis que nunca a casa de todos, o fogar común dos galegos e das galegas, impulsando políticas de participación, de tolerancia, de pluralidade, de respecto ás minorías e mais de defensa do interese xeral.

En Santiago de Compostela, o 22 de xuño de 2006